

PROGRAMACIÓN DO DPTO. DE LATÍN E GREGO

Curso 2021-22

Julio Parada Yáñez

Xefe Dpto. IES Lauro Olmo

Índice

Introdución e contextualización	4
Cultura Clásica	
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	5
Obxectivos	8
Temporalización dos contidos	10
Relación de estándares de aprendizaxe avaliábeis	13
Metodoloxía e recursos	14
Procedementos de avaliación, indicadores de logro	15
Medidas de atención á diversidade	17
Concreción dos elementos transversais	17
Actividades extraescolares	17
Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación	15
Latín 4º ESO	
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	18
Obxectivos	21
Temporalización dos contidos	22
Relación de estándares de aprendizaxe avaliábeis	25
Metodoloxía e recursos	27
Procedementos de avaliación, indicadores de logro	28
Medidas de atención á diversidade	31
Concreción dos elementos transversais	32
Actividades extraescolares	32
Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación	32
Latín 1º Bacharelato	
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	33
Obxectivos	37
Temporalización dos contidos	38
Relación de estándares de aprendizaxe avaliábeis	41
Metodoloxía e recursos	43

Procedementos de avaliación, indicadores de logro	44
Medidas de atención á diversidade	47
Concreción dos elementos transversais	47
Actividades extraescolares	48
Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación	48
Latín 2º Bacharelato	
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	48
Obxectivos	50
Temporalización dos contidos	51
Metodoloxía e recursos	54
Procedementos de avaliación, indicadores de logro	55
Medidas de atención á diversidade	58
Concreción dos elementos transversais	58
Actividades extraescolares	58
Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación	58
<i>ADDENDA: Medidas a adoptar en caso de confinamento</i>	
Cultura Clásica	60
Latín 4º ESO	61
Latín 1º BAC	61
Latín 2º BAC	62
ANEXO: Novos criterios de avaliación nos cursos da ESO	64

Introdución e contextualización

Nas páxinas que seguen, e tomando sempre como guía os decretos emitidos desde a Consellería de Educación, estableceremos os obxectivos, contidos e criterios de avaliación que conformarán a nosa programación. Adicaremos tamén un apartado especial á metodoloxía, ao tratamento da diversidade e aos temas transversais.

A programación non debe tomarse como un documento impositivo, senón máis ben como unha guía que pode conducir o proceso de ensino-aprendizaxe. O día a día da aula poderá levarnos a facer modificacións ou reducións, das que en todo caso sempre se deixará constancia no libro de actas do departamento.

O IES Lauro Olmo, centro no que se desenvolverá esta programación, está ubicado nun entorno con acusado contraste entre o urbano e rural no extremo oriental da provincia de Ourense. É interesante a presenza de importantes vestixes de época romana no entorno, e en particular o feito de ser noutro tempo a nosa comarca atravesada pola antiga calzada que unía as cidades de Braga e Astorga. Pola contra, non existen museos con fondos de época romana na comarca –poderíamos dicir que, *de facto*, non existen na provincia- polo que calquera visita require un considerable desembolso económico por parte das familias ou do departamento.

A dotación do centro é relativamente satisfactoria no que respecta a material informático e audiovisual, xa que a presenza de ciclos formativos propiciou desde xa hai tempo a existencia dun número considerable de equipos informáticos e canóns de proxección. Ten ademáis varias aulas de informática, aínda que durante este curso, debido á situación epidemiolóxica, procuraremos non facer uso delas.

Polo que respecta á dotación bibliográfica da biblioteca do centro, hai que dicir que no referente a libros relacionados coa nosa materia é mais ben escasa. O mesmo sucede na biblioteca municipal. Non obstante, a carencia deses fondos pódese compensar perfectamente, sobre todo no que se refire a textos orixinais latinos, co inmenso corpus da rede. A adquisición de textos impresos de autores latinos en lingua orixinal non será polo tanto unha prioridade deste departamento.

En relación ao alumnado, non presenta normalmente problemáticas profundas, polo menos nos dos cursos superiores. Un problema non imputable a eles é que no primeiro curso de bacharelato de latín vímonos atopámonos cunha inmensa maioría de alumnas que non

cursaron latín en 4º da ESO. Evidentemente, como o alumnado non debe pagar os pratos rotos das incoherencias do sistema, vémonos obrigados a partir de cero para non se descolguen xa desde o principio.

Iremos agora detallando curso por curso a programación.

Cultura Clásica 3º ESO

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Bloque 1. Xeografía

1.1 Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos as civilizacións grega e romana, tanto os seus límites como lugares concretos de especial relevancia.	CMCCT CAA CD
1.2 Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións.	CAA CSC CD

Bloque 2. Historia

2.1 Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, pónndoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.	CAA CMCCT CD CSC
2.2.1 Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.	CSIEE CSC CMCCT CD
2.2.2 Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.	CMCCT CAA CSC
2.2.3 Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información.	CD CSC CMCCT
2.2.4 Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un a conexión máis importantes que presentan con outras civilizacións.	CMCCT CD CSC
2.3.1 Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases.	CCEC CSC CAA CCL
2.3.2 Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso de romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país.	CSC CAA CCEC CCL

Bloque 3. Mitoloxía

3.1 Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e héroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os	CD CCEC
--	------------

caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relación entre os diferentes deuses.	CCL
3.2.1 Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e héroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.	CCEC CD
3.2.2 Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.	CAA CSC
3.2.3 Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.	CCEC CMCCT CD CSC
3.2.4 Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.	CCEC CD
3.3 Enumera e explica as principais características da relixión grega, pondoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.	CSC CMCCT CCEC
3.4 Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios.	CSC CMCCT

Bloque 4. Arte

4.1.1 Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais.	CD CCEC
4.1.2 Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos.	CMCCT CD CCEC
4.2 Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta.	CCEC CMCCT CD
4.3 Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.	CCEC CMCCT CD
4.4 Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.	CSC CMCCT CD CCEC
4.5 Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada.	CAA CD CCEC

Bloque 5. Sociedade e vida cotiá

5.1 Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do	CSC CCL
---	------------

poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política.	
5.2.1 Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais.	CSIEE CSC CCL
5.2.2 Describe as principais características e a evolución dos grupos que compoñen as sociedades grega e romana.	CCL CSC
5.3 Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais.	CSC CCL
5.4.1 Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma.	CD CSC CAA CMCCT
5.4.2 Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, e explica a súa influencia no progreso da cultura occidental.	CAA CCL CMCCT CSC
5.5 Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.	CSIEE CCL CAA CSC
5.6 Explica a orixe e natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes da época, e comenta o seu mantemento no mundo moderno, establecendo semellanzas e diferenzas entre os valores culturais aos que se asocian en cada caso.	CD CAA CSC CCL

Bloque 6. Lingua e literatura

6.1 Recoñece tipos de escritura, clasifícaos consonte súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen.	CD CCL CCEC
6.2 Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos doutros tipos de escrituras, e explica a súa orixe.	CAA CCEC CCL
6.3 Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais, e sinala nestes últimos a presenza de determinados elementos tomados dos primeiros.	CD CCL CMCCT CCEC
6.4.1 Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco.	CMCCT CD CSC
6.4.2 Describe a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico, explicando e ilustrando con exemplos e ilustrando con exemplos os elementos que evidencian do xeito máis visible a súa orixe común e o parentesco existente entre elas.	CCL CCEC
6.5 Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	CSC CCA CD CCL
6.6.1 Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.	CCL CCA

6.6.2 Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes.	CCL CCA	
6.7.1 Identifica e diferencia con seguridade cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información.	CCA CCL	
6.7.2 Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual.	CD CCL	
6.8.1 Explica os procesos de evolución dalgúns termos desde o étimo latino ata os seus respectivos derivados nas linguas romances, describindo algúns dos fenómenos fonéticos producidos e ilustrándoos con outros exemplo.	CCL CCA	
6.8.2 Realiza evolucións do latín ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	CCA CCL	
6.9 Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da linguaxe científico-técnica e sabe úsalos con propiedade	CCL CCA	
6.10 Demostra o influxo do latín e o grego sobre as linguas modernas servíndose de exemplos para ilustrar o mantemento nestas de elementos léxicos morfolóxicos e sintácticos herdados das primeiras.	CCL CCA	
6.11 Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e recoñece a súa influencia na literatura posterior.	CCEC CCL	CCA
6.12 Nomea aos autores máis representativos da literatura grecolatina, encádraos no seu período histórico e cita as súas obras máis coñecidas.	CCEC CCL	

Bloque 7. Pervivencia na actualidade

7.1 Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e da civilización grecolatina que perviviron ata a actualidade, demostrando a súa vixencia nunha e noutra época mediante exemplos.	CCL CAA
7.2 Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos.	CAA CCEC
7.3 Enumera e explica algúns exemplos concretos nos que se pon de manifestó a influencia que o mundo clásico tivo na historia e as tradicións do noso país.	CCL CSC
7.4 Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para recabar información e realizar traballos de investigación acerca da pervivencia da civilización clásica na nosa cultura.	CD CAA

Obxectivos

Limítome a enumerar os que aparecen recollidos no Decreto publicado no DOG o 29 de xuño de 2015. No mesmo aparece de forma detallada a relación de cada un deles cos contidos, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores común dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacíficamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisión e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artísitico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e ás súas sociedade.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar críticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permita a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencente á comunidade lusófona.

Os contidos e a súa distribución por trimestres

1º trimestre

Bloque 1. Xeografía

1.1 Marco xeográfico da civilización grega.

Bloque 2. Historia

2.1 Marco histórico da civilización grega: da civilización micénica á Grecia arcaica.

Bloque 3. Mitoloxía

3.1 O panteón grego e romano

3.2 Os heroes de Troia

Bloque 4. Arte

4.2 Arquitectura en Grecia

4.3 Escultura en Grecia

4.5 Herdanza do mundo clásico no patrimonio artístico

Bloque 5. Sociedade e vida cotiá

5.1 Organización política

5.2 Os Xogos Olímpicos

Bloque 6. Lingua e literatura

6.1 Historia da escritura

6.2 A épica grega

Bloque 7. Pervivencia na actualidade

7.1 Traballos de investigación sobre a civilización clásica na nosa cultura.

2º trimestre

Bloque 1. Xeografía

1.1 Marco xeográfico das civilizacións grega

Bloque 2. Historia

2.1 Marco histórico da civilización grega: a Grecia clásica.

Bloque 3. Mitoloxía

3.1 O panteón grego e romano

3.2 Os heroes de Troia

Bloque 4. Arte

4.2 Arquitectura en Grecia.

4.5 Herdanza clásica no patrimonio artístico

Bloque 5. Sociedade e vida cotiá

5.1 Organización política en Roma

Bloque 6. Lingua e literatura

6.1 As linguas romances

6.2 Composición e derivación culta de orixe grega e latina

6.3 Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.

6.4 Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán

6.5 Léxico grecolatino na linguaxe científico e técnica.

6.6 Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas

6.7 Xeneros literarios latinos: autores e obras principais.

Bloque 7

7.1 Civilización gregolatina nas artes e na organización social e política actual

7.2 Mitoloxía nas manifestacións artísticas actuais

7.3 Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país.

7.4 Traballos de investigación sobre a civilización clásica na nosa cultura.

3º trimestre

Bloque 1

1.1 Marco xeográfico das civilizacións grega e romana

Bloque 2

2.1 A historia de Roma

Bloque 3

3.1 O panteón grecorromano

3.2 Figuras mitolóxicas de Roma: de Eneas a Rómulo.

Bloque 4

4.1 Escultura en Roma

4.3 Herdanza clásica no patrimonio artístico

Bloque 5

5.1 Os espectáculos públicos en Roma

5.2 A vivenda romana

Bloque 6

6.1 As linguas romances

6.2 Composición e derivación culta de orixe grega e latina

6.3 Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.

6.4 Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán

6.5 Léxico grecolatino na linguaxe científico e técnica.

6.6 Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas

6.7 Xeneros literarios latinos: autores e obras principais

Bloque 7

7.1 Civilización gregolatina nas artes e na organización social e política actual

7.2 Mitoloxía nas manifestacións artísticas actuais

7.3 Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país.

7.4 Traballos de investigación sobre a civilización clásica na nosa cultura.

Relación de estándares de aprendizaxe avaliados

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Avaliación *
1.1	60%	PE
1.2	50%	PE
2.1	60%	PE
2.2	70%	PE
2.3	70%	OU
3.1	70%	OU
3.2	50%	OU
3.3	50%	PE
3.4	50%	PE
4.1	50%	PE
4.2	50%	PO
4.3	50%	PO
4.4	50%	OU
4.5	50%	OU
5.1	50%	PE
5.2	50%	PE
5.3	50%	PE
5.4	50%	OU
5.5	50%	OU
5.6	50%	OU
6.1	60%	PE
6.2	80%	PE
6.3	50%	PO
6.4	50%	OU
6.5	80%	OU
6.6	60%	PE
6.7	50%	PE
6.8	50%	PE
6.9	50%	PE
6.10	50%	PE
6.11	50%	PE

Metodoloxía

O procedemento de ensino-aprendizaxe rexerese polas seguintes principios básicos:

- 1) Partirase do nivel de desenvolvemento do alumnado, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren dito nivel de desenvolvemento.
- 2) En principio darase prioridade á comprensión dos contidos traballados, fronte á súa aprendizaxe mecánica. Non obstante, haberá que ter en conta que algúns contidos concretos da materia esixen unha certa mecanización.
- 3) Propiciaranse oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de forma que o alumnado poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido. Isto lograrase sobre todo se facemos ver que cada un dos pasos facilita a comprensión dos anteriores e dos posteriores. Así mesmo, desde unha perspectiva interdisciplinar a Cultura Clásica é unha materia que axuda a profundizar nos conceptos que se traballan noutras áreas de coñecemento, e é moi importante que o alumnado así o perciba.
- 4) Fomentarase a reflexión persoal sobre o realizado e elaboraranse conclusións, de modo que o alumnado poida analizar o seu progreso.
- 5) O punto de partida de cada unidade será un episodio da saga troiana. A partir da historia abordaremos outras aprendizaxes directa ou indirectamente relacionadas.

Falando de aspectos máis concretos relacionados coa materia de Cultura Clásica, procuraremos que as actividades sexan variadas e amenas, e teremos en conta o carácter aberto do currículo da asignatura, que permitirá axustalas aos gustos e capacidades do grupo.

Desde unha perspectiva interdisciplinar, pensamos que a Cultura Clásica é unha boa ferramenta para afondar no coñecemento doutras áreas, e intentaremos colaborar con outros departamentos en aspectos como a adquisición de vocabulario e noutras habilidades.

Materiais e recursos

O profesor proporcionará ás alumnas e alumnos os textos e materiais que en cada unidade se considere oportuno abordar. A maioría destes materiais estarán dispoñibles na aula virtual, con acceso libre para os alumnos.

A aula dispón de pizarra dixital e conexión a internet. Ambas ferramentas resultan tremendamente útiles no día a día da aula e serán polo tanto o centro da rutina diaria. Non faremos uso das aulas de informática, debido entre outros motivos ás medidas adoptadas este ano para frear a propagación do COVID-19.

Polo que se refire a material bibliográfico, o centro conta cunha pequena biblioteca na que traballaremos eventualmente, sempre que as circunstancias o permitan, técnicas de búsqueda de información e de traballo cooperativo.

Procedemento de avaliación continua. Instrumentos e avaliación. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Os procedementos e instrumentos que se empregarán na avaliación serán os que se cita continuación:

1) **Avaliación estimativa:** o pequeno número de alumnos que normalmente cursan esta asignatura permite a avaliación intuitiva e asistemática sobre a súa evolución. Polo seu carácter en certo modo subxectivo este procedemento será empregado con cautela e sempre despois de manter conversas co alumno e o seu titor, fundamentalmente nas sesións de avaliación.

2) **Autoavaliación:** os alumnos espontáneamente durante as clases ou en entrevistas individuais co profesor expoñen as súas dúbidas, así como as dificultades atopadas na aprendizaxe. É aconsellable que eles mesmos analicen as actitudes que deben correxir para mellorar os seus resultados.

3) **Traballos dos alumnos:** englobanse aquí as tarefas recollidas no caderno de lecturas e exercicios que o alumnado recollerá a principio de curso. Na realización destas tarefas terase en conta a pulcritude e a puntualidade na entrega.

4) **Probos específicos:** levaranse a cabo por escrito ou oralmente, e se incluírán nelas aspectos relacionados cos sete bloques nos que se estrutura a asignatura. Nelas valorarase non só a adquisición de determinados coñecementos, senón tamén a exactitude e corrección á hora de expresalos. Levaranse a cabo alomenos dúas probas escritas en cada trimestre.

O cálculo da nota:

A nota obtida en cada trimestre cuantificarase a partir da seguinte *ratio*:

Probos escritas: 50 %

Traballos realizados polo alumno: 50 %

Hai que ter en conta que para superar a asignatura haberá que alcanzar un mínimo do 25% do total en cada un dos dous apartados.

A nota final do curso obterase da media de cada un dos trimestres.

Aqueles alumnos que obteñan como nota media final una puntuación superior a 3 terán dereito a realizar en xuño unha proba global que lles permita superar a asignatura.

Calquera intento de fraude durante a realización dunha proba conlevará a cualificación de 0 na mesma.

Procedemento de avaliación extraordinaria.

Consistirá nunha única proba escrita que incluírá cuestións relacionadas cos contidos mínimos que se acaban de especificar, cun nivel de dificultade semellante ao das probas realizadas no mes de xuño.

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Unha vez por trimestre, se lle entregará ao alumnado unha enquisa para que respondan algunhas cuestións relacionadas coa práctica docente e co funcionamento diario das clases. As enquisas incluírán preguntas sobre os seguintes aspectos da nosa práctica docente:

- Materiais empregados: son adecuados para o fin que persiguen, o seu manexo e práctico?
- Probas avaliáveis: a súa dificultade é axeitada ao nivel, o tempo e suficiente?
- Día a día na aula: resultan as clases entretidas, as actividades resultan útiles, as explicacións son suficientes, o ambiente de traballo é axeitado?
- Planificación do curso: é axeitado de cara ao cumprimento da programación, están ben distribuídos os contidos por trimestres?

13. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Para o alumnado matriculado nesta asignatura a Cultura Clásica é unha materia en boa parte nova, e iso deberá ser tido en conta á hora de facer a avaliación inicial. Porén, noutras áreas de lingua e historia levan traballado sobre algúns aspectos que se recollen no currículo da nosa materia, e iso é o que intentaremos recuperar na proba inicial.

Nos primeiros días de curso, sempre despois de manter os primeiros contactos na procura dunha certa familiaridade cos alumnos, realizaremos unha proba escrita ou oral na que trataremos detectar os coñecementos dos que parten. Nesta proba incluiremos apartados que se corresponden cos bloques nos que se estrutura a asignatura.

Unha vez realizadas estas probas, realizaremos os axustes que consideremos necesarios na programación e intentaremos colaborar co equipo docente (especialmente no

caso do grupo de PMAR) para poñer en común e intentar solventar os problemas que se detecten.

15. Medidas de atención á diversidade.

No traballo diario na aula o ritmo de aprendizaxe do alumnado non é homoxéneo. Para cada unidade didáctica haberá pois que prever unha serie de actividades de reforzo ou de ampliación que teñan como obxectivo conseguir que a marcha do grupo se realice de forma compacta.

Ademáis do deseño de actividades específicas, a variedade na formación de grupos dentro da aula pode resultar unha axuda eficaz, se facemos traballar xuntos a alumnos con distintas capacidades, de maneira que fomentemos a cohesión de grupo e o sentimento de solidariedade entre os seus membros. Isto será especialmente interesante no caso desta materia, na que se xuntará alumnado que sigue o programa PMAR con outros que cursan o currículo ordinario.

15. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso - materia que corresponda.

- Educación en valores: a Cultura Clásica proporciona unha excelente base para abordar aspectos relacionados cos valores cívicos e democráticos, así como falar de respecto entre culturas e, por suposto, do respecto entre persoas de distinta condición.

- Tratamento das TIC: os materiais básicos da asignatura estarán dispoñibles en formato dixital, pero ademáis o alumnado recurrirá constantemente á busca de información para realizar traballos deseñados para iso.

- Comprensión lectora, expresión oral e escrita: polo menos unha vez por trimestre, o achegamento inicial ao tema que se aborde farase a partir dun texto lido en voz alta por un alumno ou alumna. Ese texto dará lugar a un intercambio oral de opinións sobre o mesmo. Para finalizar a actividade, os alumnos realizarán unha reflexión por escrito sobre os aspectos abordados na sesión.

16. Actividades extraescolares

Debido as especiais circunstancias deste curso, non está prevista a realización de actividades extraescolares.

17. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

En realidade consideramos que a revisión, avaliación e modificación debería centrarse nos excesivos contidos que se contemplan nos currículums de secundaria, e iso é algo que non depende deste departamento didáctico. En dúas horas de clase semanais non se pode pedir que encaixemos toda a batería de estándares que se nos propoñen desde a Consellería, e polo tanto sabemos que esta programación está condenada a non cumprirse.

En tanto non se faga unha revisión en profundidade do que se debe esperar do alumno medio durante un curso académico, calquera corrección que se queira propoñer non será máis que unha frase bonita máis, destinada a almacenarse no saco sen fondo da nosa burocracia.

Latín 4º ESO

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances

1.1 Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, tanto os seus límites como lugares concretos de especial relevancia.	CMCCT CCEC CAA	CD CSC
1.2 Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.	CD CAA CMCCT	
1.3 Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, clasifícaas en familias e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	CSC CAA	CD
1.4 Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	CSC CAA CD	
1.5 Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.	CCL CAA	
1.6 Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas e evolución.	CCL CAA	

Bloque 2. Sistema da lingua latina; elementos básicos

2.1 Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte á súa natureza e a súa función.	CD CCEC	
2.2 Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas e recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.	CAA CD	
2.3 Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronunciación correcta.	CCL	

Bloque 3. Morfoloxía

3.1 Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para	CMCCT CCL	
---	--------------	--

identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	
3.2 Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	CAA CCL
3.3 Define o concepto de declinación e conxugación.	CAA CCL
3.4.1 Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.	CD CCL
3.4.2 Declina correctamente palabras e sintagmas en concordancia.	CCL CAA
3.5.1 Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.	CAA CCL
3.5.2 Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.	CCL CAA
3.5.3 Identifica as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.	CAA CCL
3.5.4 Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.	CD CCL
3.5.5 Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.	CAA CCL
3.5.6 Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.	CCL

Bloque 4. Sintaxe

4.1 Analiza morfoloxica e sintácticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as función na oración.	CMCCT
4.2.1 Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais función que realizan dentro da oración.	CAA CCL
4.2.2 Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	CCL
4.3 Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	CCL
4.4 Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.	CMCCT CCL CCA
4.5 Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.	CAA CCL CMCCT
4.6 Recoñece, dentro de frases e texto sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analizaas e tradúceas correctamente.	CCL

Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización

5.1.1 Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unas a outras.	CSC CSIEE	CD
5.1.2 Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.	CAA CCEC	CSC
5.1.3 Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.	CD CAA	CMCCT
5.1.4 Describe algún dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e das súas principais consecuencias.	CSC CCEC CCL	
5.2.1 Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.	CSIEE CSC	CCL
5.2.2 Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais.	CSIEE CSC CCEC	CCL
5.3 Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.	CSC CCEC CCL	
5.4.1 Identifica os principais deuses, semideuses e héroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relación entre os deuses máis importantes.	CCEC CCL CD	
5.4.2 Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.	CAA CCEC CD	
5.5 Distingue e describe o modo de vida en Romano ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrátaos cos da actualidade.	CD CCEC CSC CCL	CSIEE CCL CAA
5.6 Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.	CSIC CSIEE CCL CMCCT	CCEC

Bloque 6. Textos

6.1 Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	CCL CAA	
6.2 Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.	CCL CAA	
6.3 Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.	CCL CAA	
6.4.1 Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.	CCEC CCL	
6.4.2 Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	CMCCT CD	CCL
6.5 Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.	CCL	
6.6 Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema	CCL	

previamente acordado.	
-----------------------	--

Bloque 7. Léxico

7.1.1 Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.	CAA CCL
7.1.2 Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.	CD CAA
7.2 Identifica e explica os principais sufixos e prefixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	CMCCT CCL
7.3 Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	CCL
7.4 Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.	CD CCL CSC CCEC

Obxectivos

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores común dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisión e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e ás súas sociedades.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permita a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencente á comunidade lusófona.

Os contidos e a súa distribución por trimestres

1º trimestre

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances

1.1 Marco xeográfico da lingua

1.2 O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas

1.3 Linguas de España: linguas romances e non romances

1.4 Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.

1.5 Nocións básicas de evolución do latín ao galego e ao castelán.

Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos

2.1 Oríxenes da escritura. Sistemas de escritura

2.2 Oríxenes do alfabeto latino.

2.3 Pronuncia do latín.

Bloque 3. Morfoloxía

3.1 Formantes das palabras

3.2 Tipos de palabras: variables e invariables

3.3 Concepto de declinación e conxugación

3.4 Flexión nominal: 1ª e 2ª declinacións

3.5 Flexión verbal: presente, pretérito imperfecto e futuro imperfecto de indicativo.

Bloque 4. Sintaxe

4.1 Elementos da oración

4.2 Casos latinos: panorama xeral. Nominativo, acusativo e ablativo.

4.3 Concordancia.

4.4 Oración simple: oracións atributivas e predicativas

Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización

5.1 Períodos da historia de Roma

5.4 Mitoloxía e relixión

Bloque 6. Textos

6.1 Análise morfolóxica e sintáctica

6.2 Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias

6.3 Iniciación ás técnicas de tradución

6.5 Produción de pequenos textos propios en lingua latina.

Bloque 7. Léxico

7.1 Vocabulario básico latino extraído dos textos traballados

7.3 Locucións latinas de uso actual.

2º trimestre

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances

1.4 Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos

1.5 Nocións básicas de evolución do latín ao galego e ao castelán.

Bloque 3. Morfoloxía

3.4 Flexión nominal: terceira declinación

3.4 Flexión pronominal: pronomes persoais e de relativo

3.5 Flexión verbal: o pretérito perfecto o pluscuamperfecto e o futuro perfecto.

Bloque 4. Sintaxe

4.2 O xenitivo e o dativo

4.5 Oracións compostas: oracións coordinadas

Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización

5.2 Organización política e social de Roma

5.3 A familia romana

5.4 Mitoloxía e relixión

Bloque 6. Textos

6.1 Análise morfolóxica e sintáctica

6.2 Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias

6.3 Iniciación ás técnicas da tradución

6.4 Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos

6.5 Producción de pequenos textos propios en lingua latina

Bloque 7. Léxico

7.1 Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia

7.3 Locucións latinas de uso actual

Terceiro trimestre

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances

1.4 Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos

1.5 Nocións básicas de evolución do latín ao galego e ao castelán

Bloque 3. Morfoloxía

3.4 Flexión nominal: 4ª e 5ª declinacións

3.4 Flexión pronominal: pronomes demostrativos

3.5 Flexión verbal: participio de perfecto e infinitivo de presente

3.5 Flexión verbal: voz pasiva

Bloque 4. Sintaxe

4.5 Construcións de infinitivo e participio máis transparentes

Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización

5.4 Mitoloxía e relixión

5.5 Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria

5.6 Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro

Bloque 6. Textos

6.1 Análise morfolóxica e sintáctica

6.2 Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias

6.3 Iniciación ás técnicas da tradución

6.4 Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos

6.5 Producción de pequenos textos propios en lingua latina

Bloque 7. Léxico

7.1 Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia

7.2 Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos

7.3 Locucións latinas de uso actual.

Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis.

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Avaliación *
1.1	50 %	PE
1.2	50 %	PE
1.3	70 %	LC
1.4	100 %	LC
1.5	50 %	PE
1.6	50 %	PE
2.1	60 %	PE
2.2	50 %	PE

2.3	100 %	PO
3.1	50 %	PE
3.2	100 %	PE
3.3	100 %	PE
3.4.1	100 %	PE
3.4.2	75 %	PE
3.5.1	100%	PE
3.5.2	50 %	PE
3.6.1	75 %	PE
3.6.2	50 %	PE
3.6.3	50 %	PE
3.6.4	75 %	PE
4.1	75 %	PE
4.2.1	75 %	PE
4.2.2	75 %	PE
4.3	50 %	PE
4.4	100 %	PE
4.5	50 %	PE
4.6	40 %	PE
5.1.1	80 %	OU
5.1.2	50 %	OU
5.1.3	50 %	C
5.1.4	50 %	OU
5.2.1	50 %	OU
5.2.2	50 %	OU
5.3	50 %	OU
5.4	50 %	OU
5.5	50 %	OU
5.6	50 %	OU
5.7	50 %	OU
6.1	75 %	PE
6.2	75 %	PE
6.3	50 %	TO
6.4.1	50 %	OU

6.4.2	50 %	C
6.5	50 %	PE
6.6	25 %	PO
7.1.1	25 %	OU
7.1.2	75 %	PE
7.2.1	50 %	PE
7.3	50 %	PE
7.4	50 %	PE

Metodoloxía

O procedemento de ensino-aprendizaxe rexerase polas seguintes principios básicos:

- 1) Partirase do nivel de desenvolvemento do alumnado, para construír, a partires de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren dito nivel de desenvolvemento.
- 2) En principio darase prioridade á comprensión dos contidos traballados, fronte á súa aprendizaxe mecánica. Non obstante, haberá que ter en conta que algúns contidos concretos da materia esixen unha certa mecanización.
- 3) Propiciaranse oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de forma que o alumnado poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido. Isto lograrase sobre todo se facemos ver que cada un dos pasos facilita a comprensión dos anteriores e dos posteriores. Así mesmo, desde unha perspectiva interdisciplinar o Latín é unha materia que axuda a profundizar nos conceptos que se traballan noutras áreas de coñecemento, e é moi importante que o alumnado así o perciba.
- 4) Fomentarase a reflexión persoal sobre o realizado e elaboraranse conclusións, de modo que o alumnado poida analizar o seu progreso.

Falando de aspectos máis concretos relacionados coa materia de latín, procuraremos que as actividades sexan variadas e amenas, pero sen perder de vista que a adquisición de ferramentas que permitan ler textos latinos non é sempre divertida. Nese sentido, deberemos estar preparados para combatir o tedio inevitable que aparecerá en moitos momentos do curso. Parécenos fundamental que o alumnado poida desafogar e plantexar en voz alta as súas queixas e propostas, e non será visto como algo negativo, senón como unha oportunidade máis de afondar na relación de grupo dentro da aula.

O obxectivo académico máis importante da nosa materia é que o alumnado se inicie na comprensión e comentario de textos latinos; é por iso que boa parte do tempo llo

dedicaremos a traballar sobre eles, e será a partir dos textos que traballaremos os contidos gramaticais, léxicos e culturais do programa.

Non compartimos a idea, moi extendida nos últimos anos entre o profesorado de linguas clásicas, de que a aprendizaxe de latín debe facerse como o das linguas modernas. O obxectivo de aprender inglés, portugués ou francés é moi distinto ao de aprender latín, e polo tanto a metodoloxía non ten por que ser coincidente. Aínda que en ocasións recurramos a expresión oral, o noso interés primordial estará nos textos escritos, porque iso é o que se lles vai a esixir nos cursos superiores, e non lle vemos sentido a iniciar un camiño que lle permita aos alumnos manter conversacións en latín cando ese esforzo non vai ser en absoluto significativo para as seguintes etapas educativas. O interés do latín está nos documentos que se escribiron nesa lingua, e non na posibilidade de comunicarse nela; outros idiomas desempeñan moi ben hoxe en día ese cometido.

Materiais e recursos

Empregaremos o libro de Latín 4º ESO da editorial Casals.

O profesor proporcionará ás alumnas e alumnos os textos e materiais que en cada unidade se considere oportuno abordar. A maioría destes materiais estarán dispoñibles na páxina web do departamento.

A aula dispón de pizarra dixital e conexión a internet. Ambas ferramentas resultan tremendamente útiles no día a día da aula e serán polo tanto o centro da rutina diaria. Pola contra, o uso das aulas de informática comúns resulta bastante problemática e só acudiremos a elas en caso de extrema necesidade.

Polo que se refire a material bibliográfico, o centro conta cunha pequena biblioteca na que traballaremos unha vez por trimestre técnicas de búsqueda de información e de traballo cooperativo.

Procedemento de avaliación continua. Instrumentos e avaliación. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Avaliación inicial

Como quedou dito na introdución desta programación, a maior parte do alumnado matriculado nesta asignatura non cursou Cultura Clásica en 3º, e iso deberá ser tido en conta á hora de facer a avaliación inicial.

Nos primeiros días de curso, sempre despois de manter os primeiros contactos na procura dunha certa familiaridade cos alumnos, realizaremos unha proba escrita na que

trataremos detectar os coñecementos dos que parten. Nesta proba incluiremos os seguintes apartados:

- Morfosintaxe (conceptos xerais, aplicados á lingua galega)
- Fraseoloxía latina de uso moi común (materia prima, et cetera, grosso modo...)
- Cronoloxía (terán que situar no tempo determinados acontecementos históricos)
- Restos romanos.

Os procedementos e instrumentos que se empregarán na avaliación serán os que se cita continuación:

1) **Avaliación estimativa:** o pequeno número de alumnos que normalmente cursan esta asignatura permite a avaliación intuitiva e asistemática sobre a súa evolución. Polo seu carácter en certo modo subxectivo este procedemento será empregado con cautela e sempre despois de manter conversas co alumno e o seu titor, fundamentalmente nas sesións de avaliación.

2) **Autoavaliación:** os alumnos espontáneamente durante as clases ou en entrevistas individuais co profesor expoñen as súas dúbidas, así como as dificultades atopadas na aprendizaxe. É aconsellable que eles mesmos analicen as actitudes que deben corrixir para mellorar os seus resultados.

3) **Traballos dos alumnos:** englobanse aquí os traballos de investigación sobre un tema puntual, os cuestionarios referidos ás visitas organizadas polo departamento de latín, a exposición oral dun tema. O alumnado deberá ter claro os criterios que se van seguir para valorar cada un dos traballos que realicen. Estes criterios estableceranse de forma específica para cada traballo que se realice ao longo do curso.

4) **Probas específicas:** levaranse a cabo por escrito ou oral, e en todas elas a tradución de textos latinos á lingua materna terá un peso importante. Nelas valorarase non só a adquisición de determinados coñecementos, senón tamén a exactitude e corrección á hora de expresalos. Levaranse a cabo alomenos dúas probas escritas de carácter global en cada trimestre.

O cálculo da nota:

A nota obtida en cada trimestre cuantificarase a partir da seguinte *ratio*:

Probas escritas: 70 %

Traballos realizados polo alumno: 20 %

Actividades diarias e observación directa: 10 %

O curso considerarase superado se a suma da nota ponderada dos tres trimestres é igual ou superior a 5. A ponderación farase según o seguinte cálculo:

Primeiro trimestre: 20 %

Segundo trimestre: 30 %

Terceiro trimestre: 50%

Aqueles alumnos que obteñan como nota media final una puntuación superior a 3 terán dereito a realizar en xuño unha proba global que lles permita superar a asignatura.

Calquera intento de fraude durante a realización dunha proba conlevará a cualificación de 0 na mesma.

Contidos mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva:

- Identificar en textos latinos sinxelos, orixinais ou elaborados, os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da frase, apreciando discrepancias e coincidencias coas outras linguas coñecidas.

- Resumir oralmente ou por escrito o contido de textos latinos, preferentemente narrativos, e delimita-las súas partes.

- Pasar á lingua materna coa maior fidelidade posible textos breves latinos, facilitados ou elaborados, e preferentemente narrativos.

- Recoñecer no léxico do galego, do castelán e doutras linguas faladas na Península palabras de orixe latina e analiza-la súa evolución fonética, morfolóxica e semántica, e deducir regras básicas de composición e derivación.

- Identifica-los aspectos máis importantes da historia do pobo romano e da súa presenza no noso país e recoñece-las pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.

- Planificar e realizar, coa axuda do profesor, algún traballo temático elemental e comunicar de forma coherente e organizada os resultados do estudio.

Procedemento de avaliación extraordinaria.

Consistirá nunha única proba escrita que incluírá cuestións relacionadas cos contidos mínimos que se acaban de especificar, cun nivel de dificultade semellante ao das probas realizadas no mes de xuño.

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Unha vez por trimestre, se lle entregará ao alumnado unha enquisa para que respondan algunhas cuestións relacionadas coa práctica docente e co funcionamento diario das clases. As enquisas incluírán preguntas sobre os seguintes aspectos da nosa práctica docente:

- Materiais empregados: son adecuados para o fin que persiguen, o seu manexo e práctico?
- Probas avaliáveis: a súa dificultade é axeitada ao nivel, o tempo e suficiente?

-Día a día na aula: resultan as clases entretidas, as actividades resultan útiles, as explicacións son suficientes, o ambiente de traballo é axeitado?

- Planificación do curso: é axeitado de cara ao cumprimento da programación, están ben distribuídos os contidos por trimestres?

12. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Non hai neste nivel ningún alumno que teña pendente asignaturas deste departamento.

14. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Para o alumnado matriculado nesta asignatura o Latín é unha materia en boa parte nova, e iso deberá ser tido en conta á hora de facer a avaliación inicial. Porén, noutras áreas de lingua e historia levan traballado sobre algúns aspectos que se recollen no currículo da nosa materia, e iso é o que intentaremos recuperar na proba inicial.

Nos primeiros días de curso, sempre despois de manter os primeiros contactos na procura dunha certa familiaridade cos alumnos, realizaremos unha proba escrita na que trataremos detectar os coñecementos dos que parten. Nesta proba incluiremos apartados que se corresponden cos bloques nos que se estrutura a asignatura.

Unha vez realizadas estas probas, realizaremos os axustes que consideremos necesarios na programación e intentaremos colaborar co equipo docente para poñer en común e intentar solventar os problemas que se detecten.

15. Medidas de atención á diversidade.

No traballo diario na aula o ritmo de aprendizaxe do alumnado non é homoxéneo. Para cada unidade didáctica haberá pois que prever unha serie de actividades de reforzo ou de ampliación que teñan como obxectivo conseguir que a marcha do grupo se realice de forma compacta.

Ademáis do deseño de actividades específicas, a variedade na formación de grupos dentro da aula pode resultar unha axuda eficaz, se facemos traballar xuntos a alumnos con distintas

capacidades, de maneira que fomentemos a cohesión de grupo e o sentimento de solidariedade entre os seus membros. Isto será especialmente interesante no caso desta materia, na que se xuntará alumnado que sigue o programa PMAR con outros que cursan o currículo ordinario.

16. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso - materia que corresponda.

- Educación en valores: o latín e o coñecemento da cultura na que se desenvolveu proporcionan unha excelente base para abordar aspectos relacionados cos valores cívicos e democráticos, así como falar de respecto entre culturas e, por suposto, do respecto entre persoas de distinta condición.

- Tratamento das TIC: os materiais básicos da asignatura estarán dispoñibles en formato dixital, pero ademáis o alumnado recurrirá constantemente á busca de información para realizar traballos deseñados para iso.

- Comprensión lectora, expresión oral e escrita: polo menos unha vez por trimestre, o achegamento inicial ao tema que se aborde farase a partir dun texto lido en voz alta por un alumno ou alumna. Ese texto dará lugar a un intercambio oral de opinións sobre o mesmo. Para finalizar a actividade, os alumnos realizarán unha reflexión por escrito sobre os aspectos abordados na sesión.

17. Actividades extraescolares

Non están previstas para este curso actividades extraescolares co alumnado de cuarto da ESO.

18. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

En realidade consideramos que a revisión, avaliación e modificación debería centrarse nos excesivos contidos que se contemplan nos currículos de secundaria, e iso é algo que non depende deste departamento didáctico. En tres horas de clase semanais non se pode pedir que encaixemos toda a batería de estándares que se nos propoñen desde a Consellería, e polo tanto sabemos que esta programación está condenada a non cumprirse.

En tanto non se faga unha revisión en profundidade do que se debe esperar do alumno medio durante un curso académico, calquera corrección que se queira propoñer non será máis que unha frase bonita máis, destinada a almacenarse no saco sen fondo da nosa burocracia.

Latín 1º BAC

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances

1.1 Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, tanto os seus límites como lugares concretos de especial relevancia.	CMCCT CCEC CAA	CD CSC
1.2 Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.	CD CAA CMCCT	
1.3 Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, clasifícaaas en familias e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	CSC CAA	CD
1.4 Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	CSC CAA CD	
1.5.1 Distingue e delimita as etapas do latín, recoñece e distingue a partir do étimo latino cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, e explica as evolucións que se producen nun caso e no outro.	CCL CAA CMCCT	
1.5.2 Coñece exemplos de termos latinos que deron orixe a unha palabra patrimonial como a un cultismo, e sinala as diferenzas de uso e significado ente ambos.	CCL	
1.5.3 Demostra a presenza do latín no século XXI en campos como a ciencia, a cultura, a publicidade, os medios de comunicación, internet e as redes sociais.	CMCCT CD CCEC	
1.6 Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica.	CCL CAA	

Bloque 2. Sistema da lingua latina; elementos básicos

2.1 Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte á súa natureza e a súa función.	CD CCEC	
2.2 Explica a orixe do alfabeto latino, e a evolución e a adaptación dos signos do alfabeto grego.	CAA CMCCT	
2.3 Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas e recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.	CAA CD	
2.4 Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronunciación correcta.	CCL	

Bloque 3. Morfoloxía

3.1 Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	CMCCT CCL	
3.2 Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	CAA CCL	

3.3 Define o concepto de declinación e conjugación, e declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría.	CAA CCL	CD
3.4.1 Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.	CD CCL	
3.4.2 Declina correctamente palabras e sintagmas en concordancia.	CCL CAA	
3.5.1 Identifica as conjugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conjugación a partir do seu enunciado.	CAA CCL	
3.5.2 Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conjugación.	CCL CAA	
3.5.3 Conxuga os tempos verbais máis frecuentes en voz activa e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.	CCL	
3.5.4 Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal.	CD CCL	
3.5.5 Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que e permite identificalas e define criterios para clasificalas.	CAA CCL	
3.5.6 Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.	CCL	

Bloque 4. Sintaxe

4.1 Analiza morfoloxica e sintácticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as función na oración.	CMCCT CCL	
4.2.1 Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais función que realizan dentro da oración e ilustra con exemplos a forma axeitada de traducilos.	CAA CCL	
4.3 Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	CCL	
4.4 Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.	CMCCT CCA	CCL
4.5 Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas, os seus tipos e os nexos que as caracterizan, e sinala exemplos que expliquen en cada caso as súas características.	CAA CMCCT	CCL
4.6 Identifica as función que realizan as formas non persoais (infinitivo e participio) dentro da oración e compara exemplos do seu uso.	CCL CAA	
4.7 Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes, en relación con construcións análogas noutras linguas que coñece.	CCL	

Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización

5.1.1 Describe o marco histórico en que xorde e se desenvolve a	CCEC
---	------

civilización romana, sinala períodos dentro del e indentifica en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.	CCL CSC	
5.1.2 Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unas a outras.	CSC CSIEE	CD
5.1.3 Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.	CAA	CSC
5.1.4 Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.	CD	CMCCT
5.1.5 Describe algún dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e das súas principais consecuencias.	CSC CSIEE CCL	
5.2.1 Explica a romanización de Hispania e da Gallaecia, describe as súas causas e delimita as súas fases.	CMCCT CCL	CSC CCEE
5.2.2 Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso de romanización de Hispania e da Gallaecia, e sinala a súa influencia na historia posterior.	CSC CD CCL	
5.3 Identifica e sinala nun mapa os restos arqueolóxicos máis salientables da romanización de Hispania e da Gallaecia, e descobre e relaciona as pezas arqueolóxicas romanas dos museos cos coñecementos adquiridos.	CAA CMCCT CD CCEC	
5.4.1 Describe os elementos que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.	CSIEE CSC	
5.4.2 Describe a organización e a evolución da sociedade romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais.	CSIEE CD CSC CCL	
5.5.1 Identifica os principais deuses, semideuses e héroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributo e o ámbito de influencia, explica a súa xenealoxía e establece relacións entre os deuses.	CD CCEC	
5.5.2 Identifica deuses, semideuses e héroes dentro do imaxinario mítico, e explica os principais aspectos que diferencian uns dos outros.	CCEC CD CCL	
5.6.1 Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno, sinalando as semellanzas e principais diferenzas entre ambos tratamentos, e asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.	CSIC CSIEE CCL CMCCT	CCEC
5.6.2 Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos e as lendas da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa, e valorando a súa influencia na arte e na literatura posterior a través de exemplos.	CAA CCEC CCL	
5.7 Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, explicando os trazos que lles son propios, e describe as principais características dos ritos funerarios romanos, distinguindo as semellanzas e as diferenzas que presentan cos de hoxe en día.	CSC CMCCT CCL CCEC	
5.8 Describe as principais manifestacións escultóricas e pictóricas da arte romana, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a súa cronoloxía aproximada.	CCEC CD	
5.9.1 Describe as características, os principais elementos e as función	CD	

das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.	CSC CMCCTC
5.9.2 Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a súa cronoloxía aproximada.	CMCCT CD CAA
5.10 Enumera os elementos que compoñen a estrutura do exército romano e explica o seu funcionamento, atendendo á súa evolución ao longo dos períodos históricos.	CSC CMCCT

Bloque 6. Textos

6.1 Utiliza adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica de frases de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	CCL CAA
6.2 Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.	CCL CAA
6.3 Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.	CCL CAA
6.4.1 Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.	CCEC CCL CSC
6.4.2 Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	CMCCT CCL CD
6.5 Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.	CCL
6.6 Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.	CCL

Bloque 7. Léxico

7.1.1 Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.	CAA CCL
7.1.2 Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.	CD CAA
7.2 Identifica e explica os principais sufixos e prefixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	CMCCT CCL
7.3 Deduce o significado das palabras das linguas de España a partir dos étimos latinos.	CAA CCL
7.4.1 Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	CCL
7.4.2 Relaciona palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.	CAA CD CCL
7.5 Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.	CD CCL CSC CCEC

Obxectivos xerais do bacharelato

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar críticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar críticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder ao coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en grupo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Os contidos e a súa distribución por trimestres

1º trimestre

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances

- 1.1 Marco xeográfico da lingua
- 1.2 O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas
- 1.3 Linguas de España: linguas romances e non romances
- 1.4 Orixe, evolución e etapas do latín. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- 1.5 Nocións básicas de evolución do latín ao galego e ao castelán.

Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos

- 2.1 Orixes da escritura. Sistemas de escritura
- 2.2 Orixes do alfabeto latino.
- 2.3 Pronuncia do latín: tipos

Bloque 3. Morfoloxía

- 3.1 Formantes das palabras
- 3.2 Tipos de palabras: variables e invariables
- 3.3 Concepto de declinación e conxugación
- 3.4 Flexión nominal e pronominal: as declinacións.
- 3.5 Flexión verbal: presente, pretérito imperfecto, pretérito perfecto e pretérito pluscuamperfecto de indicativo.

Bloque 4. Sintaxe

- 4.1 Elementos da oración
- 4.2 Casos latinos: panorama xeral.
- 4.3 Concordancia.
- 4.4 Oración simple, oración composta por coordinación, subordinadas adxectivas.

Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización

- 5.1 Períodos da historia de Roma
- 5.2 Romanización da Hispania e da Gallaecia
- 5.3 Organización política de Roma
- 5.4 Mitoloxía e relixión

Bloque 6. Textos

- 6.1 Análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica
- 6.2 Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias
- 6.3 Iniciación ás técnicas de tradución
- 6.4 Lectura comprensiva e comentario de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.
- 6.5 Lectura comparada e comentario de textos en lingua latina e lingua propia
- 6.6 Producción de pequenos textos propios en lingua latina.

Bloque 7. Léxico

- 7.1 Vocabulario básico latino extraído dos textos traballados
- 7.2 Composición e derivación culta. Lexemas, prefixos e sufixos.
- 7.3 Mantemento de elementos lingüísticos latinos.
- 7.4 Locucións latinas de uso actual.

2º trimestre

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances

- 1.4 Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos
- 1.5 Nocións básicas de evolución do latín ao galego e ao castelán.

Bloque 3. Morfoloxía

- 3.4 Flexión nominal: os adxectivos
- 3.4 Flexión pronominal.
- 3.5 Flexión verbal: A voz pasiva

Bloque 4. Sintaxe

- 4.2 Casos latinos
- 4.5 Oracións compostas subordinadas

Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización

5.2 Romanización de Hispania e da Gallaecia

5.3 Organización social de Roma

5.4 Mitoloxía e relixión: ritos funerarios

5.7 O exército romano

Bloque 6. Textos

6.1 Análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica

6.2 Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias

6.3 Iniciación ás técnicas da tradución

6.4 Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos

6.5 Lectura comparada e comentario de textos en lingua latina e lingua propia

6.6 Producción de pequenos textos propios en lingua latina

Bloque 7. Léxico

7.1 Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia

7.2 Composición e derivación culta. Lexemas, prefixos e sufixos.

7.3 Mantemento de usos lingüísticos latinos

7.4 Locucións latinas de uso actual

Terceiro trimestre

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances

1.4 Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos

1.5 Nocións básicas de evolución do latín ao galego e ao castelán

Bloque 3. Morfoloxía

3.5 Flexión verbal: formas non persoais

3.5 Flexión verbal: pretérito imperfecto e pluscuamperfecto de subxuntivo

Bloque 4. Sintaxe

4.5 Construcións de infinitivo e participio

Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización

5.4 Mitoloxía e relixión

5.5 Arte romana

5.6 Obra públicas e urbanismo

Bloque 6. Textos

6.1 Análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica

6.2 Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias

6.3 Iniciación ás técnicas da tradución

6.4 Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos

6.5 Produción de pequenos textos propios en lingua latina

Bloque 7. Léxico

7.1 Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.

7.2 Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.

7.3 Mantemento de elementos lingüísticos latinos.

7.4 Locucións latinas de uso actual.

Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Avaliación *
1.1	50 %	PE
1.2	50 %	PE
1.3	70 %	LC
1.4	50 %	LC
1.5	50 %	PE
1.6	50 %	PE
2.1	60 %	PE
2.2	50 %	PE
2.3	100 %	PO
3.1	50 %	PE
3.2	100 %	PE
3.3	100 %	PE
3.4.1	100 %	PE

3.4.2	75 %	PE
3.5.1	100%	PE
3.5.2	50 %	PE
3.6.1	75 %	PE
3.6.2	50 %	PE
3.6.3	50 %	PE
3.6.4	75 %	PE
4.1	75 %	PE
4.2.1	75 %	PE
4.2.2	75 %	PE
4.3	50 %	PE
4.4	100 %	PE
4.5	50 %	PE
4.6	40 %	PE
5.1.1	80 %	OU
5.1.2	50 %	OU
5.1.3	50 %	C
5.1.4	50 %	OU
5.2.1	50 %	OU
5.2.2	50 %	OU
5.3	50 %	OU
5.4	50 %	OU
5.5	50 %	OU
5.6	50 %	OU
5.7	50 %	OU
6.1	75 %	PE
6.2	75 %	PE
6.3	50 %	TO
6.4.1	50 %	OU
6.4.2	50 %	C
6.5	50 %	PE
6.6	25 %	PO
7.1.1	25 %	OU
7.1.2	75 %	PE

7.2.1	50 %	PE
7.3	50 %	PE
7.4	50 %	PE

Metodoloxía

O procedemento de ensino-aprendizaxe rexeráse polas seguintes principios básicos:

- 1) Partirase do nivel de desenvolvemento do alumnado, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren dito nivel de desenvolvemento.
- 2) En principio darase prioridade á comprensión dos contidos traballados, fronte á súa aprendizaxe mecánica. Non obstante, haberá que ter en conta que algúns contidos concretos da materia esixen unha certa mecanización.
- 3) Propiciaranse oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de forma que o alumnado poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido. Isto lograrase sobre todo se facemos ver que cada un dos pasos facilita a comprensión dos anteriores e dos posteriores. Así mesmo, desde unha perspectiva interdisciplinar o Latín é unha materia que axuda a profundizar nos conceptos que se traballan noutras áreas de coñecemento, e é moi importante que o alumnado así o perciba.
- 4) Fomentarase a reflexión persoal sobre o realizado e elaboraranse conclusións, de modo que o alumnado poida analizar o seu progreso.

Falando de aspectos máis concretos relacionados coa materia de latín, procuraremos que as actividades sexan variadas e amenas, pero sen perder de vista que a adquisición de ferramentas que permitan ler textos latinos non é sempre divertida. Nese sentido, deberemos estar preparados para combatir o tedio inevitable que aparecerá en moitos momentos do curso. Parécenos fundamental que o alumnado poida desafogar e plantexar en voz alta as súas queixas e propostas, e non será visto como algo negativo, senón como unha oportunidade máis de afondar na relación de grupo dentro da aula.

O obxectivo académico máis importante da nosa materia é que o alumnado se inicie na comprensión e comentario de textos latinos; é por iso que boa parte do tempo llo dedicaremos a traballar sobre eles, e será a partir dos textos que traballaremos os contidos gramaticais, léxicos e culturais do programa.

Non compartimos a idea, moi extendida nos últimos anos entre o profesorado de linguas clásicas, de que a aprendizaxe de latín debe facerse como o das linguas modernas. O obxectivo de aprender inglés, portugués ou francés é moi distinto ao de aprender latín, e

polo tanto a metodoloxía non ten por que ser coincidente. Aínda que en ocasións recurramos a expresión oral, o noso interés primordial estará nos textos escritos, porque iso é o que se lles vai a esixir nos cursos superiores, e non lle vemos sentido a iniciar un camiño que lle permita aos alumnos manter conversacións en latín cando ese esforzo non vai ser en absoluto significativo para as seguintes etapas educativas. O interés do latín está nos documentos que se escribiron nesa lingua, e non na posibilidade de comunicarse nela; outros idiomas desempeñan moi ben hoxe en día ese cometido.

Unha das propostas para este curso será a elaboración dun microdocumental sobre algún tema relacionado coa romanización da comarca. Parécenos que unha actividade deste tipo permítelle ao alumnado canalizar os coñecementos que teñen do mundo audiovisual e polo tanto sentiranse protagonistas do proceso de aprendizaxe.

Materiais e recursos

O profesor proporcionará ás alumnas e alumnos os textos e materiais que en cada unidade se considere oportuno abordar. A maioría destes materiais estarán dispoñibles na páxina web do departamento.

A aula dispón de pizarra dixital e conexión a internet. Ambas ferramentas resultan tremendamente útiles no día a día da aula e serán polo tanto o centro da rutina diaria. Pola contra, o uso das aulas de informática comúns resulta bastante problemática e só acudiremos a elas en caso de extrema necesidade.

Polo que se refire a material bibliográfico, o centro conta cunha pequena biblioteca na que traballaremos unha vez por trimestre técnicas de búsqueda de información e de traballo cooperativo.

Procedemento de avaliación continua. Instrumentos e avaliación. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Avaliación inicial

Como quedou dito na introdución desta programación, unha parte do alumnado matriculado nesta asignatura non cursou latín en 4º ESO, e iso deberá ser tido en conta á hora de de facer a avaliación inicial.

Nos primeiros días de curso, sempre despois de manter os primeiros contactos na procura dunha certa familiaridade cos alumnos, realizaremos unha proba escrita na que trataremos detectar os coñecementos dos que parten. Nesta proba incluiremos os seguintes apartados:

- Morfosintaxe (conceptos xerais, aplicados á lingua galega e latina)
- Fraseoloxía latina de uso moi común (materia prima, et cetera, grosso modo...)
- Cronoloxía (terán que situar no tempo determinados acontecementos históricos)
- Restos romanos.

Os procedementos e instrumentos que se empregarán na avaliación serán os que se cita continuación:

1) **Avaliación estimativa:** o pequeno número de alumnos que normalmente cursan esta asignatura permite a avaliación intuitiva e asistemática sobre a súa evolución. Polo seu carácter en certo modo subxectivo este procedemento será empregado con cautela e sempre despois de manter conversas co alumno e o seu titor, fundamentalmente nas sesións de avaliación.

2) **Autoavaliación:** os alumnos espontáneamente durante as clases ou en entrevistas individuais co profesor expoñen as súas dúbidas, así como as dificultades atopadas na aprendizaxe. É aconsellable que eles mesmos analicen as actitudes que deben correxir para mellorar os seus resultados.

3) **Traballos dos alumnos:** englobanse aquí os traballos de investigación sobre un tema puntual, os cuestionarios referidos ás visitas organizadas polo departamento de latín, a exposición oral dun tema. O alumnado deberá ter claro os criterios que se van seguir para valorar cada un dos traballos que realicen. Estes criterios estableceranse de forma específica para cada traballo que se realice ao longo do curso.

4) **Probas específicas:** levaranse a cabo por escrito ou oralmente, e en todas elas a tradución de textos latinos á lingua materna terá un peso importante. Nelas valorarase non só a adquisición de determinados coñecementos, senón tamén a exactitude e corrección á hora de expresalos. Levaranse a cabo alomenos dúas probas escritas de carácter global en cada trimestre.

O cálculo da nota:

A nota obtida en cada trimestre cuantificarase a partir da seguinte *ratio*:

Probas específicas (por escrito ou orais): 90 %

Traballos realizados polo alumno: 5 %

Actividades diarias e observación directa: 5 %

A nota final do curso obterase a partir da suma ponderada dos tres trimestres seguindo a seguinte *ratio*:

1º trimestre: 20 %

2º trimestre: 30 %

3º trimestre: 50 %

Aqueles alumnos que obteñan como nota media final una puntuación superior a 3 e inferior a 5 terán dereito a realizar en xuño unha proba global que lles permita superar a asignatura.

Calquera intento de fraude durante a realización dunha proba conlevará a cualificación de 0 na mesma.

Contidos mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva:

- Identificar en textos latinos sinxelos, orixinais ou elaborados, os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da frase, apreciando discrepancias e coincidencias coas outras linguas coñecidas.

- Resumir oralmente ou por escrito o contido de textos latinos, preferentemente narrativos, e delimita-las súas partes.

- Pasar á lingua materna coa maior fidelidade posible textos breves latinos, facilitados ou elaborados, e preferentemente narrativos.

- Recoñecer no léxico do galego, do castelán e doutras linguas faladas na Península palabras de orixe latina e analiza-la súa evolución fonética, morfolóxica e semántica, e deducir regras básicas de composición e derivación.

- Identifica-los aspectos máis importantes da historia do pobo romano e da súa presenza no noso país e recoñece-las pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.

- Planificar e realizar, coa axuda do profesor, algún traballo temático elemental e comunicar de forma coherente e organizada os resultados do estudio.

Procedemento de avaliación extraordinaria.

Consistirá nunha única proba escrita que incluírá cuestións relacionadas cos contidos mínimos que se acaban de especificar, cun nivel de dificultade semellante ao das probas realizadas no mes de xuño.

Procedemento para a recuperación da materia pendente

Realizaremos unha proba por trimestre seguindo a mesma distribución de contidos por

trimestre que no curso anterior. A nota media das tres probas será a que determine a nota final da recuperación. Como parece sensato, no caso de que as alumnas superen con solvencia a parte correspondente á interpretación de textos de segundo, se considerará que aproban ese apartado en primeiro.

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Unha vez por trimestre, se lle entregará ao alumnado unha enquisa para que respondan algunhas cuestións relacionadas coa práctica docente e co funcionamento diario das clases. As enquisas incluirán preguntas sobre os seguintes aspectos da nosa práctica docente:

- Materiais empregados: son adecuados para o fin que persiguen, o seu manexo e práctico?
- Probas avaliáveis: a súa dificultade é axeitada ao nivel, o tempo e suficiente?
- Día a día na aula: resultan as clases entretidas, as actividades resultan útiles, as explicacións son suficientes, o ambiente de traballo é axeitado?
- Planificación do curso: é axeitado de cara ao cumprimento da programación, están ben distribuídos os contidos por trimestres?

15. Medidas de atención á diversidade.

No traballo diario na aula o ritmo de aprendizaxe do alumnado non é homoxéneo. Para cada unidade didáctica haberá pois que prever unha serie de actividades de reforzo ou de ampliación que teñan como obxectivo conseguir que a marcha do grupo se realice de forma compacta.

Ademáis do deseño de actividades específicas, a variedade na formación de grupos dentro da aula pode resultar unha axuda eficaz, se facemos traballar xuntos a alumnos con distintas capacidades, de maneira que fomentemos a cohesión de grupo e o sentimento de solidariedade entre os seus membros. Isto será especialmente interesante no caso desta materia, na que se xuntará alumnado que sigue o programa PMAR con outros que cursan o currículo ordinario.

16. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso - materia que corresponda.

- Educación en valores: o latín e o coñecemento da cultura no que se desenvolveu proporcionan unha excelente base para abordar aspectos relacionados cos valores cívicos e democráticos, así como falar de respecto entre culturas e, por suposto, do respecto entre persoas de distinta condición.

- Tratamento das TIC: os materiais básicos da asignatura estarán dispoñibles en

formato dixital, pero ademáis o alumnado recurrirá constantemente á busca de información para realizar traballos deseñados para iso.

- Comprensión lectora, expresión oral e escrita: polo menos unha vez por trimestre, o achegamento inicial ao tema que se aborde farase a partir dun texto lido en voz alta por un alumno ou alumna. Ese texto dará lugar a un intercambio oral de opinións sobre o mesmo. Para finalizar a actividade, os alumnos realizarán unha reflexión por escrito sobre os aspectos abordados na sesión.

17. Actividades extraescolares

Non está prevista este ano a realización de actividades extraescolares.

18. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

En realidade consideramos que a revisión, avaliación e modificación debería centrarse nos excesivos contidos que se contemplan nos currículos de secundaria, e iso é algo que non depende deste departamento didáctico. Non se pode pedir que encaixemos nun curso toda a batería de estándares que se nos propoñen desde a Consellería, e polo tanto sabemos que esta programación está condenada a non cumprirse.

En tanto non se faga unha revisión en profundidade do que se debe esperar do alumno medio durante un curso académico, calquera corrección que se queira propoñer non será máis que unha frase bonita máis, destinada a almacenarse no saco sen fondo da nosa burocracia.

En calquera caso, os cambios que forzosamente nos veremos obrigados a realizar quedarán recollidos no libro de actas do departamento.

Latín 2º Bacharelato

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances

1.1 Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso.	CCL CAA CCEC
1.2.1 Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino.	CCL CMCCT CCL CCEC
1.2.2 Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos común a distintas linguas dunha mesma familia, e ilustra con exemplos.	CD CCL CAA

Bloque 2. Morfoloxía

2.1 Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen	CAA CCL
2.2 Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes.	CMCCT CCL
2.3 Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado.	CMCCT CCL
2.4.1 Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declinaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán.	CD CCL CAA
2.4.2 Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.	CCL CAA
2.5.1 Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán.	CD CAA CCL
2.5.2 Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.	CCL CD CAA

Bloque 3. Sintaxe

3.1 Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.	CCL CAA
3.2 Recoñece, distingue e clasificaos tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.	CCL CAA
3.3 Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaas para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán.	CCL CAA
3.4 Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan.	CAA CCL
3.5 Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.	CCL CAA

Bloque 4. Literatura latina

4.1 Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo.	CCEC CCEC CMCCT
4.2 Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.	CAA CCEC CCL
4.3.1 Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina.	CMCCT CCEC
4.3.2 Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas	CD CCL
4.4 Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da paisaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.	CCL CSC CCEC
4.5.1 Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos,	CSC

explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea.	CD CCL
4.5.2 Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores contemporáneos, e sèrvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben.	CSC CD CCL

Bloque 5. Textos

5.1 Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.	CCL CAA
5.2 Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado como autor, para unha correcta traducción do texto.	CD CAA CCL
5.3 Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.	CAA CCEC CSC CCL
5.4 Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.	CSC CCEC CCL
5.5 Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.	CCL CCEC

Bloque 6. Léxico

6.1 Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.	CCL CD CMCCT
6.2.1 Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza.	CAA CCL CD
6.2.2 Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán.	CD CCL
6.3 Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.	CMCCT CCEC CSC CCL CD
6.4 Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.	CCL CCEC

Obxectivos xerais do bacharelato

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacíficamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar críticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar críticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder ao coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en grupo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuir á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Distribución dos contidos por trimestres

1º trimestre

Bloque 1

B1.1 Mantemento de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas; palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.

B1.2 Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.

Bloque 2

B2.1 Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.

B2.2 Morfoloxía verbal: verbos irregulares e defectivos.

Bloque 3

B3.1 Estudio pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.

B3.2 Tipos de oracións e construcións sintácticas.

B3.4 Construcións de infinitivo e participio.

Bloque 4

B4.1 Transmisión literaria e xéneros literarios: historiografía e comedia.

Bloque 5

B5.1 Tradución e interpretación de textos latinos.

B5.2 Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais.

B5.3 Coñecemento do contexto social, cultural e históricos dos textos traducidos.

B5.4 Identificación das características formais dos textos.

Bloque 6

B6.1 Ampliación do vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico.

B6.2 Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.

B6.3 Locucións e expresións latinas, incorporadas á lingua coloquial e literaria.

B6.4 Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega.

2º trimestre

Bloque 1

B1.1 Mantemento de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas; palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.

B1.2 Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.

Bloque 2

B2.2 Morfoloxía verbal: formas nominais do verbo: xerundio, xerundivo e supino.

Bloque 3

B3.1 Estudio pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.

B3.2 Tipos de oracións e construcións sintácticas.

B3.3 Oración composta: coordinación e subordinación.

B3.4 Construcións de xerundio, xerundivo e supino.

Bloque 4

B4.1 Transmisión literaria e xéneros literarios: oratoria e épica.

Bloque 5

B5.1 Tradución e interpretación de textos latinos.

B5.2 Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais.

B5.3 Coñecemento do contexto social, cultural e históricos dos textos traducidos.

B5.4 Identificación das características formais dos textos.

Bloque 6

B6.1 Ampliación do vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico.

B6.2 Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.

B6.3 Locucións e expresións latinas, incorporadas á lingua coloquial e literaria.

B6.4 Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega.

3º trimestre

Bloque 1

B1.1 Mantemento de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas; palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.

B1.2 Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.

Bloque 2

B2.2 Morfoloxía verbal: conxugación perifrástica.

Bloque 3

B3.1 Estudio pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.

B3.2 Tipos de oracións e construcións sintácticas.

B3.3 Oración composta: coordinación e subordinación.

Bloque 4

B4.1 Transmisión literaria e xéneros literarios: lírica e fabula.

Bloque 5

B5.1 Tradución e interpretación de textos latinos.

B5.2 Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais.

B5.3 Coñecemento do contexto social, cultural e históricos dos textos traducidos.

B5.4 Identificación das características formais dos textos.

Bloque 6

B6.1 Ampliación do vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico.

B6.2 Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.

B6.3 Locucións e expresións latinas, incorporadas á lingua coloquial e literaria.

B6.4 Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega.

Metodoloxía

O procedemento de ensino-aprendizaxe rexerase polas seguintes principios básicos:

- 1) Partirase do nivel de desenvolvemento do alumnado, para construír, a partires de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren dito nivel de desenvolvemento.
- 2) En principio darase prioridade á comprensión dos contidos traballados, fronte á súa aprendizaxe mecánica. Non obstante, haberá que ter en conta que algúns contidos concretos da materia esixen unha certa mecanización.
- 3) Propiciaranse oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de forma que o alumnado poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido. Isto lograrase sobre todo se facemos ver que cada un dos pasos facilita a comprensión dos anteriores e dos posteriores. Así mesmo, desde unha perspectiva interdisciplinar o grego é unha materia que axuda a profundizar nos conceptos que se traballan noutras áreas de coñecemento, e é moi importante que o alumnado así o perciba.
- 4) Fomentarase a reflexión persoal sobre o realizado e elaboraranse conclusións, de modo que o alumnado poida analizar o seu progreso.

Falando de aspectos máis concretos relacionados coa materia de latín, procuraremos que as actividades sexan variadas e amenas, pero sen perder de vista que a adquisición de

ferramentas que permitan ler textos latinos non é sempre divertida. Nese sentido, deberemos estar preparados para combatir o tedio inevitable que aparecerá en moitos momentos do curso. Parécenos fundamental que o alumnado poida desafogar e plantexar en voz alta as súas queixas e propostas, e non será visto como algo negativo, senón como unha oportunidade máis de afondar na relación de grupo dentro da aula.

O obxectivo académico máis importante da nosa materia é que o alumnado se inicie na comprensión e comentario de textos latinos; é por iso que boa parte do tempo llo dedicaremos a traballar sobre eles, e será a partir dos textos que traballaremos os contidos gramaticais, léxicos e culturais do programa.

Non compartimos a idea, moi extendida nos últimos anos entre o profesorado de linguas clásicas, de que a aprendizaxe de latín debe facerse como o das linguas modernas. O obxectivo de aprender inglés, portugués ou francés é moi distinto ao de aprender latín clásico, e polo tanto a metodoloxía non ten por que ser coincidente. Aínda que en ocasións recurramos a expresión oral, o noso interés primordial estará nos textos escritos, porque iso é o que se lles vai a esixir nos cursos superiores, e non lle vemos sentido a iniciar un camiño que lle permita aos alumnos manter conversacións en latín cando ese esforzo non vai ser en absoluto significativo para as seguintes etapas educativas. O interés do latín está nos documentos que se escribiron nesa lingua, e non na posibilidade de comunicarse nela; outros idiomas desempeñan moi ben hoxe en día ese cometido.

Materiais e recursos

O profesor proporcionará ás alumnas e alumnos textos e materiais que en cada unidade se considere oportuno abordar. A maioría destes materiais estarán dispoñibles na páxina web do departamento.

A aula dispón de pizarra dixital e conexión a internet. Ambas ferramentas resultan tremendamente útiles no día a día da aula e serán polo tanto o centro da rutina diaria. Pola contra, o uso das aulas de informática comúns resulta bastante problemática e só acudiremos a elas en caso de extrema necesidade.

Polo que se refire a material bibliográfico, o centro conta cunha pequena biblioteca na que traballaremos unha vez por trimestre técnicas de búsqueda de información e de traballo cooperativo.

Procedemento de avaliación continua. Instrumentos e avaliación. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Avaliación inicial

Nos primeiros realizaremos unha proba escrita na que trataremos detectar os coñecementos dos que parten. Nesta proba incluiremos os seguintes apartados:

- Morfosintaxe (conceptos xerais, aplicados á lingua galega)
- Latinismos de uso frecuente: lexemas, prefixos, sufixos latinos.
- Tradución e análise dun texto de nivel de 1º BAC.
- Cuestionario relacionado coa historia de Roma e a cultura latina.

Procedementos de avaliación durante o curso

Os procedementos e instrumentos que se empregarán na avaliación serán os que se citan a continuación:

1) **Avaliación estimativa:** o pequeno número de alumnos que normalmente cursan esta asignatura permite a avaliación intuitiva e asistemática sobre a súa evolución. Polo seu carácter en certo modo subxectivo este procedemento será empregado con cautela e sempre despois de manter conversas co alumno e o seu titor, fundamentalmente nas sesións de avaliación.

2) **Autoavaliación:** os alumnos espontaneamente durante as clases ou en entrevistas individuais co profesor expoñen as súas dúbidas, así como as dificultades atopadas na aprendizaxe. É aconsellable que eles mesmos analicen as actitudes que deben corregir para mellorar os seus resultados.

3) **Traballos dos alumnos:** englobanse aquí os traballos de investigación sobre un tema puntual, os cuestionarios referidos ás visitas organizadas polo departamento, a exposición oral dun tema... O alumnado deberá ter claro os criterios que se van seguir para valorar cada un dos traballos que realicen. Estes criterios estableceranse de forma específica para cada traballo que se realice ao longo do curso.

4) **Probas específicas:** levaranse a cabo por escrito ou oralmente, e en todas elas a tradución de textos latinos á lingua materna terá un peso importante. Nelas valorarase non só a adquisición de determinados coñecementos, senón tamén a exactitude e corrección á hora de expresalos. Levaranse a cabo alomenos dúas probas escritas de carácter global en cada trimestre.

O cálculo da nota:

A nota obtida en cada trimestre cuantificarase a partir da seguinte *ratio*:

Probas específicas (por escrito ou orais): 90 %

Traballos realizados polo alumno: 5 %

Actividades diarias e observación directa: 5 %

A nota final do curso obterase a partir da suma ponderada dos tres trimestres seguindo a seguinte ratio:

1º trimestre: 20 %

2º trimestre: 30 %

3º trimestre: 50 %

Aqueles alumnos que obteñan como nota media final una puntuación superior a 3 terán dereito a realizar en xuño unha proba global que lles permita superar a asignatura.

Calquera intento de fraude durante a realización dunha proba conlevará a cualificación de 0 na mesma.

Procedemento de avaliación extraordinaria.

Consistirá nunha única proba escrita que incluírá cuestións relacionadas cos contidos mínimos que se acaban de especificar, cun nivel de dificultade semellante ao das probas realizadas no mes de xuño.

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Unha vez por trimestre, se lle entregará ao alumnado unha enquisa para que respondan algunhas cuestións relacionadas coa práctica docente e co funcionamento diario das clases. As enquisas incluírán preguntas sobre os seguintes aspectos da nosa práctica docente:

- Materiais empregados: son adecuados para o fin que persiguen, o seu manexo e práctico?
- Probas avaliáveis: a súa dificultade é axeitada ao nivel, o tempo e suficiente?
- Día a día na aula: resultan as clases entretidas, as actividades resultan útiles, as explicacións son suficientes, o ambiente de traballo é axeitado?
- Planificación do curso: é axeitado de cara ao cumprimento da programación, están ben distribuídos os contidos por trimestres?

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

As alumnas que teñen pendente o latín de 1º BAC realizarán unha proba de seguimento ao mes. Esta proba será avaliábel e permitirá ir aprobando partes da asignatura. En caso de que os resultados destas probas non sexan positivos levarase a cabo unha proba de carácter global

en torno ao mes de marzo.

15. Medidas de atención á diversidade.

No traballo diario na aula o ritmo de aprendizaxe do alumnado non é homoxéneo. Para cada unidade didáctica haberá pois que prever unha serie de actividades de reforzo ou de ampliación que teñan como obxectivo conseguir que a marcha do grupo se realice de forma compacta.

Ademáis do deseño de actividades específicas, a variedade na formación de grupos dentro da aula pode resultar unha axuda eficaz, se facemos traballar xuntos a alumnos con distintas capacidades, de maneira que fomentemos a cohesión de grupo e o sentimento de solidariedade entre os seus membros. Isto será especialmente interesante no caso desta materia, na que se xuntará alumnado que sigue o programa PMAR con outros que cursan o currículo ordinario.

16. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso - materia que corresponda.

- Educación en valores: o estudo do latín e o coñecemento da cultura na que se desenvolveu proporcionan unha excelente base para abordar aspectos relacionados cos valores cívicos e democráticos, así como falar de respecto entre culturas e, por suposto, do respecto entre persoas de distinta condición.

- Tratamento das TIC: os materiais básicos da asignatura estarán dispoñibles en formato dixital, pero ademáis o alumnado recurrirá constantemente á busca de información para realizar traballos deseñados para iso.

- Comprensión lectora, expresión oral e escrita: polo menos unha vez por trimestre, o achegamento inicial ao tema que se aborde farase a partir dun texto lido en voz alta por un alumno ou alumna. Ese texto dará lugar a un intercambio oral de opinións sobre o mesmo. Para finalizar a actividade, os alumnos realizarán unha reflexión por escrito sobre os aspectos abordados na sesión.

17. Actividades extraescolares

A organización de actividades extraescolares estará condicionada pola situación epidemiolóxica.

18. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

En realidade consideramos que a revisión, avaliación e modificación debería centrarse nos excesivos contidos que se contemplan nos currículums de secundaria, e iso é algo que non depende deste departamento didáctico. En catro horas de clase semanais non se pode pedir que encaixemos toda a batería de estándares que se nos propoñen desde a Consellería, e polo tanto sabemos que esta programación está condenada a non cumprirse.

En tanto non se faga unha revisión en profundidade do que se debe esperar do alumno medio durante un curso académico, calquera corrección que se queira propoñer non será máis que unha frase bonita máis, destinada a almacenarse no saco sen fondo da nosa burocracia.

En calquera caso, os cambios que se leven a cabo quedarán recollidos no libro de actas do departamento.

ADDENDA

Medidas previstas en caso de confinamento total ou parcial motivado pola actual situación de pandemia, así como adaptacións destinadas a paliar os efectos da interrupción da presencialidade durante o curso 2019 / 2020.

Cultura Clásica

Como é o primeiro ano no que os alumnos cursan esta asignatura, non é preciso facer ningunha adaptación destinada a encher os baleiros derivados da interrupción da presencialidade durante o curso pasado.

En caso de interrupción da presencialidade, contaremos coa aula virtual como ferramenta fundamental na que o alumnado atopará unha actividade semanal que deberá entregar dentro do prazo indicado. Se o alumnado non ten acceso á aula virtual desde a súa casa, estaremos atentos ás indicacións das autoridades educativas autonómicas.

Intentaremos asimesmo manter un encontro semanal por video conferencia a través do servizo webex.

Se é un alumno ou alumna a que ten que quedar en casa por estar afectado por unha corentena, terá a súa disposición na aula virtual as actividades a realizar. Non consideramos produtivo grabar a sesión de clase en directo, tal como se recolle no protocolo establecido. O carácter dinámico das clases, nas que se busca a participación constante do alumnado, e donde polo tanto o foco de atención varía constantemente, imposibilita unha grabación coherente que poida ser seguida desde unha pantalla. Parécenos máis adecuado manter contacto individual –por cámara ou por correo- co alumno –a confinado para solventar as dúbidas que se lle poidan presentar na realización das tarefas.

Criterios de avaliación en caso de non presencialidade:

- Só se terán en conta as actividades entregadas en tempo e forma.
- En caso de que sexa imprescindible a realización dun exame, levarase a cabo de xeito individual a través do servizo webex habilitado pola Consellería.
- Sen perxuízo das decisións que poidan tomar chegado o caso as autoridades educativas, a cualificación positiva dependerá da entrega de polo menos o 60% das actividades propostas.

Latín 4º ESO

Como é o primeiro ano no que os alumnos cursan esta asignatura, non é preciso facer ningunha adaptación destinada a encher os baleiros derivados da interrupción da presencialidade durante o curso pasado. Despois dos primeiros exercicios de avaliación inicial, apréciase un nivel bastante baixo de coñecementos gramaticais, posiblemente derivado da

situación vivida durante o curso pasado. Ao longo do curso intentaremos solventar esas carencias adaptando o ritmo de traballo as súas necesidades.

En caso de interrupción da presencialidade, contaremos coa aula virtual como ferramenta fundamental na que o alumnado atopará unha actividade semanal que deberá entregar dentro do prazo indicado. Se o alumnado non ten acceso á aula virtual desde a súa casa, estaremos atentos ás indicacións das autoridades educativas autonómicas.

Intentaremos tamén manter un encontro semanal por video conferencia a través do servizo webex.

Se é un alumno ou alumna a que ten que quedar en casa por estar afectado por unha corentena, terá a súa disposición na aula virtual as actividades a realizar. Non consideramos produtivo grabar a sesión de clase en directo, tal como se recolle no protocolo establecido. O carácter dinámico das clases, nas que se busca a participación constante do alumnado, e donde polo tanto o foco de atención varía constantemente, imposibilita unha grabación coherente que poida ser seguida desde unha pantalla. Parécenos máis adecuado manter contacto individual –por cámara ou por correo- co alumno –a confinado para solventar as dúbidas que se lle poidan presentar na realización das tarefas.

Criterios de avaliación en caso de non presencialidade:

- Só se terán en conta as actividades entregadas en tempo e forma.
- En caso de que sexa imprescindible a realización dun exame, levarase a cabo de xeito individual a través do servizo webex habilitado pola Consellería.
- Sen perxuízo das decisións que poidan tomar chegado o caso as autoridades educativas, a cualificación positiva dependerá da entrega de polo menos o 60% das actividades propostas.

Latín 1º BAC

Dada a circunstancia de que este curso o 75 % do alumnado non cursou a materia de latín en 4º da ESO, partiremos dun nivel de coñecemento cero, polo que non é necesario ter en conta o que fixeron o ano pasado.

En caso de interrupción da presencialidade, contaremos coa aula virtual como ferramenta fundamental na que o alumnado atopará unha actividade semanal que deberá entregar dentro do prazo indicado. Se o alumnado non ten acceso á aula virtual desde a súa casa, estaremos atentos ás indicacións das autoridades educativas autonómicas.

Intentaremos tamén manter encontros por video conferencia a través do servizo webex no horario de clase.

Se é un alumno ou alumna a que ten que quedar en casa por estar afectado por unha corentena, terá a súa disposición na aula virtual as actividades a realizar. Non consideramos

productivo grabar a sesión de clase en directo, tal como se recolle no protocolo establecido. O carácter dinámico das clases, nas que se busca a participación constante do alumnado, e donde polo tanto o foco de atención varía constantemente, imposibilita unha grabación coherente que poida ser seguida desde unha pantalla. Parécenos máis adecuado manter contacto individual –por cámara ou por correo- co alumno –a confinado para solventar as dúbidas que se lle poidan presentar na realización das tarefas.

Criterios de avaliación en caso de non presencialidade:

- Só se terán en conta as actividades entregadas en tempo e forma.
- En caso de que sexa imprescindible a realización dun exame, levarase a cabo de xeito individual a través do servizo webex habilitado pola Consellería.
- Sen perxuízo das decisións que poidan tomar chegado o caso as autoridades educativas, a cualificación positiva dependerá da entrega de polo menos o 60% das actividades propostas.

Latín II

Este é o nivel que presenta máis dificultades derivadas das circunstancias vividas durante o curso pasado. Hai que ter en conta que desde o mes de marzo se nos indicou que non avanzamos materia, e que debíamos avaliar ao alumnado tendo fundamentalmente en conta os resultados das dúas primeiras avaliacións.

Díxose tamén que neste curso faríanse as adaptacións pertinentes no currículo, para intentar paliar os efectos do confinamento, pero ata o momento non temos noticia de tales adaptacións.

Algúns dos contidos que quedaron sen ver durante o curso pasado son fundamentais para seguir avanzando no coñecemento da lingua latina, polo que non podemos obviarlos e temos que dedicarlle un tempo importante do primeiro trimestre a velos. Iso vai repercutir no currículo habitual de 2º de bacharelato. Súmese a iso a circunstancia de que o curso avanza a un ritmo máis lento do habitual, debido ás medidas adoptadas para intentar conter a expansión da pandemia; é evidente que o nivel de concentración non é o mesmo que outros anos: a máscara, as fiestras abertas, a limpeza de mesas... son factores que contribúen, queiramos ou non, a ralentizar a marcha do curso.

En caso de interrupción da presencialidade, contaremos coa aula virtual como ferramenta fundamental na que o alumnado atopará unha actividade semanal que deberá entregar dentro do prazo indicado. Xa comprobamos que as catro alumnas teñen acceso desde a súas casas á aula virtual.

Intentaremos tamén manter encontros por video conferencia a través do servizo webex no horario de clase.

Se é un alumno ou alumna a que ten que quedar en casa por estar afectado por unha corentena, terá a súa disposición na aula virtual as actividades a realizar. Non consideramos produtivo grabar a sesión de clase en directo, tal como se recolle no protocolo establecido. O carácter dinámico das clases, nas que se busca a participación constante do alumnado, e donde polo tanto o foco de atención varía constantemente, imposibilita unha grabación coherente que poida ser seguida desde unha pantalla. Parécenos máis adecuado manter contactos individuais ou grupais –por cámara ou por correo- cos alumnos –as confinados para solventar as dúbidas que se lles poidan presentar na realización das tarefas.

Criterios de avaliación en caso de non presencialidade:

- Só se terán en conta as actividades entregadas en tempo e forma.
- En caso de que sexa imprescindible a realización dun exame, levarase a cabo de xeito individual a través do servizo webex habilitado pola Consellería.
- Sen perxuízo das decisións que poidan tomar chegado o caso as autoridades educativas, a cualificación positiva dependerá da entrega de polo menos o 60% das actividades propostas.

ANEXO: Novos criterios de avaliación nos cursos da ESO.

Atendendo á orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, o Departamento de Latín presenta este anexo para adaptar a súa programación aos cambios que se solicitan.

Con carácter xeral, este anexo invalida todas as referencias á avaliación extraordinaria nos cursos da ESO, xa que esta convocatoria deixa de existir no novo ordenamento legal.

Especificamos a continuación os criterios que se aplicarán para a obtención da nota final en cada un dos cursos:

3º ESO

A nota final do curso na asignatura de **Cultura Clásica** obterase da media das tres avaliacións máis a nota obtida nas diversas actividades levadas a cabo no período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final. A ponderación da nota media dos tres trimestres será dun 90 % na nota final, quedando o 10 % restante reservado para as actividades do devandito período.

Se algún alumno non fose avaliado en calquera dos tres trimestres terá oportunidade de facelo no período que transcorra entre o terceiro trimestre e a avaliación final. A tal efecto será informado das actividades que deberá realizar neses días.

Para aprobar o curso será necesario que a nota media sexa igual ou superior a 5.

4º ESO

Na asignatura de latín a nota obtida en cada trimestre cuantificarase a partir da seguinte *ratio*:

Probas escritas: 70 %

Traballos realizados polo alumno: 20 %

Actividades diarias e observación directa: 10 %

A nota final do curso obterase da media de cada un dos trimestres máis a nota obtida polas diversas actividades levadas a cabo no período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final, ponderándose do xeito seguinte:

- 1º trimestre: 15%
- 2º trimestre: 25%
- 3º trimestre: 50%
- Actividades do período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final: 10%

Se algún alumno non fose avaliado en calquera dos tres trimestres terá oportunidade de facelo no periodo que transcorra entre o terceiro trimestre e a avaliación final. A tal efecto será informado das actividades que deberá realizar neses días.

Para superar o curso a nota media será igual ou superior a 5.

Calquera intento de fraude durante a realización dunha proba conlevará a cualificación de 0 na mesma.